


Os foros

O **foro** é unha ferramenta de comunicación e traballo. Un **foro** pode verse como un taboleiro de mensaxes en liña onde os e as participantes no curso poden colocar novas mensaxes ou responder a mensaxes antigas, creando desta maneira fíos de conversa.

As persoas participantes (alumnado e profesorado) poden realizar as súas intervencións no momento que queiran e estas quedarán rexistradas de forma automática co nome do seu autor así como a data e hora da súa publicación.

Moodle permite crear distintos tipos de foro, dando a posibilidade de incorporar ficheiros adxuntos a cada mensaxe e incluso (dependendo da configuración do foro) permitindo cualificar as intervencións. Nos foros tamén é posible subscribirse, de maneira que o usuario recibirá un correo electrónico con cada nova intervención.



Creación

1. Activar o **modo edición**.
2. **Engadir unha actividade ou un recurso**.
3. **Foro**
4. **Engadir**.

Destacamos os seguintes aspectos configurables dun foro

Xeral

- **Nome do foro:** introduce o nome que queiras para identificar o foro.
- **Descrición:** un pequeno texto onde se explique a temática do foro, os tipos de debates que se permiten ou calquera outra circunstancia que se queira indicar.

•**Tipo de foro:** será necesario seleccionar un tipo de foro, de entre os seguintes:

Foros	
Tipo de foro	Como funciona
Cada persoa comenta unha discusión	Cada alumno/a pode comentar un novo tema de debate, e todos poden responder.
Foro de preguntas e respostas (P e R)	Os/as alumnos/as primeiro deben escribir os seus puntos de vista antes de ver os comentarios dos demais.
Foro estándar para uso xeral	É un foro aberto no que calquera pode comezar un novo tema de debate en calquera momento.
Foro estándar presentado nun formato semellante ao dun blog	É un foro aberto no que calquera pode comezar un novo tema de debate en calquera momento e no que os temas de discusión amósanse nunha páxina con ligazóns «Discute este tema».
Unha discusión simple única	Un único tema de discusión que todos poden responder (non se pode utilizar con grupos separados).

Anexos e reconto de palabras

Podemos decidir se o foro permite anexar ficheiros ás intervencións dos e das participantes e, de ser así, tamén se pode decidir o tamaño máximo do ficheiro xunto. Ademais tamén se poderá configurar o número máximo de ficheiros anexos así como o número de palabras utilizadas en cada mensaxe.

Subscrición e seguimento

A modalidade de subscrición implica que sexa enviada por correo electrónico unha copia de cada intervención neste foro a tódalas persoas participantes do curso, de acordo aos seguintes criterios:

•**Subscrición opcional**

Cada usuario pode decidir se desexa estar suscrito ou non.

•**Subscrición forzada**

Tódolos usuarios estarán subscritos, sen posibilidade de que se poidan dar de baixa individualmente.

•**Autosubscrición**

Inicialmente están subscritos tódolos participantes, pero cada un individualmente pode decidir darse de baixa.

•**Subscripción desactivada**

Non se permite a subscripción de ningún usuario a ese foro.

En canto ao seguimento, podemos configurar se estará permitido para as persoas participantes facer seguimento de se as mensaxes son lidas ou non.

Bloqueo de discusión

Permite bloquear a discusión unha vez pasado certo período de inactividade.

Limiar de comentarios para bloqueo

Permite establecer un máximo de intervencións para as persoas participantes dentro dun tempo estipulado.

Cualificación

Permite asignar unha categoría no cualificador e establecer unha cualificación mínima para que a actividade apareza como aprobada.

Puntuacións

Establécense aquí os parámetros para a cualificación da actividade (roles que poderán cualificar, métodos de cálculo das puntuacións, escala a utilizar e intervalos de datas das intervencións que serán cualificadas)